

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TCP	Téxtil, confección e pel	CSTCP01	Patronaxe e moda	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0286	Industrialización e escalaxe de patróns	2023/2024	7	141	141
MP0286_12	Industrialización e escalaxe de patróns de forma convencional ou manual	2023/2024	7	80	80
MP0286_22	Industrialización e escalaxe de patróns mediante programas informáticos	2023/2024	7	61	61

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARIA DEL MAR FERNANDEZ CAO (Subst.), TAMARA VALVERDE PEREIRA (Subst.)
Outro profesorado	TAMARA VALVERDE PEREIRA

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A presente programación didáctica está realizada para o desenvolvemento das ensinanzas do módulo Industrialización e escalaxe de patróns, código MP0286, cunha duración de 141 horas, conducente á obtención do título de Técnico superior en patronaxe e moda.

O módulo Industrialización e escalaxe de patróns corresponde ó currículo do Ciclo Superior de Patronaxe e Moda impartido no réxime ordinario no CIFP Manuel Antonio.

Ó CIFP Manuel Antonio chegan alumnos/as de toda a contorna de Vigo, provincia de Pontevedra e Ourense, inclusive alumnos de Lugo ou do sur da provincia de A Coruña xa que o C.S Patronaxe e Moda, en Galicia, só se pode cursar na cidade de A Coruña (CIFP Paseo das Pontes) ou Vigo (CIFP Manuel Antonio).

As competencias que se pretenden acadar no ciclo encaixan perfectamente na contorna produtiva de Vigo e a súa bisbarra, xa que existen empresas do sector téxtil, así como tamén toda a provincia de Pontevedra, Ourense, Lugo e sur da provincia de A Coruña, zonas das que proveñen maioritariamente os alumnos/as que cursan o ciclo. A proximidade con Portugal, potencia téxtil, fai que moitos alumnos/as procuren alí de oportunidades. A maioría das empresas dedícanse á confección feminina, tanto de confección industrial, confección a medida, noivas, cerimonia e lencería. Confección de prendas infantís e confección de prendas deportivas. Confección de prendas masculinas, coa confección de prendas de traballo masculino como maior expoñente, tanto de prendas de uniformes coma prendas para traballo. As empresas de automoción tamén precisan alumnos/as para facer patróns de asentos.

O módulo profesional, Industrialización e escalaxe de patróns, contén a formación necesaria para desempeñar, dentro da oficina técnica, o estudo da gradación de tallas, e para o estudo de marcaxes de diferentes modelos.

Estas funcións inclúen aspectos como: escalaxe de patróns, preparación de marcaxes para o corte, arquivo de patróns escalados...

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse no departamento de patronaxe.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxetivos xerais d, j, k, e l do currículo do ciclo formativo e as competencias c, d, i, j, e k do mesmo.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxetivos do módulo han de versar sobre:

Escalado de pezas segundo táboas de incrementos

Estudo de marcaxes,

Cálculo de aproveitamento e consumos

Manexo de programas informáticos específicos de patronaxe e marcaxes.

Esta figura profesional exerce a súa actividade no sector da confección industrializada de produtos téxtiles e de pel, así como de calzado e marroquinaría, en pequenas, medianas e grandes empresas, xa sexa por conta allea ou por conta propia, desenvolvendo funcións de xestión da produción e de elaboración de patróns para a industrialización da confección.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Deseñador/ora técnico/a de patronaxe con CAD/CAM.
- Diseñador/ora técnico/a de confección con CAD/CAM.
- Técnico/a de desenvolvemento de produtos de confección (I+D+i).
- Técnico/a en desenvolvemento do produto.
- Encargado/a de oficina técnica.
- Modelista-patronista de peletaría.
- Modelista-patronista de pezas de vestir.
- Modelista-patronista-escalador de sombreiros e gorras.
- Patronista-escalador de pezas de vestir.
- Técnico/a en confección industrial.
- Técnico/a en fabricación de artigos de pel e coiro.
- Técnico/a en control de calidade de confección.
- Técnico/a en control de calidade en industrias de pel e coiro.
- Técnico/a de organización.
- Xefe/a de fabricación.
- Xefe/a de calidade.
- Xefe/a de sección.
- Xefe/a de equipo

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	INDUSTRIALIZACIÓN DE PATRÓNS DE FORMA MANUAL	Identificar pezas, incorporar costuras e as marcas necesarias nos patróns de forma manual	10	16
2	ESCALAXE DE PATRÓNS DE FORMA MANUAL	Calcular os incrementos nos puntos de escala, trazar liñas para sacar as tallas novas dos patróns manualmente	60	17
3	ESTUDO DE MARCAXES DE FORMA MANUAL	Distribuir as pezas compoñentes do modelo dentro do tecido procurando acadar o máximo aproveitamento, maualmente	10	16

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
4	INDUSTRIALIZACIÓN DE PATRÓNS DE FORMA INFORMATIZADA	Identificar pezas, incorporar costuras e as marcas necesarias nos patróns utilizando programas informáticos	20	17
5	ESCALAXE DE PATRÓNS DE FORMA INFORMATIZADA	Escalar e sacar patróns de distintas tallas aplicando os incrementos necesarios usando programas informáticos	31	17
6	ESTUDO DE MARCAJES DE FORMA INFORMATIZADA	Distribuir as pezas compoñentes do modelo dentro do tecido procurando acadar o máximo aproveitamento utilizando programas informáticos	10	17

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	INDUSTRIALIZACIÓN DE PATRÓNS DE FORMA MANUAL	10

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara conxuntos de patróns e determina especificacións técnicas para a súa industrialización.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as variables que inflúen na preparación de patróns para a industrialización.
CA1.2 Estudáronse os talles normalizados españois (TNE).
CA1.3 Determinouse o número de talles segundo o segmento de poboación.
CA1.4 Seleccionouse a táboa de medidas normalizada.
CA1.5 Determinouse a serie de talles cos seus intervalos.
CA1.6 Identifícanse os puntos de escalaxe.

Criterios de avaliación
CA1.7 Calculáronse os incrementos de todos os puntos do patrón que se pretenda escalar.
CA1.8 Marcáronse as referencias internas e externas (costuras, piquetes, orientación da peza, etc.) sobre os patróns do modelo prototipo.

4.1.e) Contidos

Contidos
Variables na preparación de patróns industrializados. O proceso de industrialización do modelo. Revisión e control de calidade do proceso. Normativa de aplicación: UNE e ISO Talles normalizados españois (TNE). Táboas de medidas segundo o segmento de poboación. Determinación da serie de talles cos seus intervalos. Organización do posto de traballo. Ergonomía e seguridade: necesidade de luz apropiada para o traballo meticoloso. Identificación do conxunto de pezas ou patróns do modelo. Fichas técnicas de industrialización ou marxes de costuras segundo o modelo.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	ESCALAXE DE PATRÓN DE FORMA MANUAL	60

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Escala patróns aplicando táboas de incrementos de tallaxe mediante ferramentas convencionais.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Realizáronse táboas de medidas deducidas.
CA2.2 Identificáronse as variables que inflúen na escalaxe.
CA2.3 Identificouse o patrón do modelo prototipo e a información salientable para a escalaxe.
CA2.4 Aplicáronse os incrementos determinados nas especificacións técnicas.
CA2.5 Debuxouse a proxección dos talles especificados.
CA2.6 Obtivéronse os patróns dos talles segundo normas.
CA2.7 Comprobáronse os puntos de referencia, curvas e proporcións.
CA2.8 Identificáronse as liñas de ensamblaxe, o emprazamento dos sinais de montaxe, as pinzas e os petos, etc.
CA2.9 Verificouse a concordancia entre as seccións para facilitar a súa posterior ensamblaxe.
CA2.10 Identificáronse os patróns escalados mediante terminoloxía e simboloxía propias.

4.2.e) Contidos

Contidos
Puntos de escalaxe. Incrementos. Referencias.
Fichas técnicas de incrementos de escala.
Organización do posto de traballo. Ergonomía e seguridade: necesidade de luz apropiada para o traballo meticoloso.
Proceso de escalaxe de patróns.
Identificación e verificación de patróns escalados mediante a terminoloxía e a simboloxía propia.
Identificación de talles. Táboas de medidas.

Contidos
<p>Cálculo de incrementos de cada punto de escala.</p> <p>Representación do grupo de patróns do modelo prototipo.</p> <p>Normas de escalaxe. Fichas técnicas de escalaxes. Simbología.</p> <p>Proceso de escalaxe convencional de patróns: proxección dos talles especificados.</p> <p>Correspondencia de medidas. Puntos de referencia.</p> <p>Instrumentos e equipamentos de medida, trazado e sinalización.</p> <p>Verificación de concordancia das medidas e corte. Control de calidade.</p>

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	ESTUDO DE MARCAXES DE FORMA MANUAL	10

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Agrupa patróns industrializados e xustifica os criterios para a súa organización.	SI
RA4 - Distribúe pezas de patróns aplicando criterios de posicionamento para o aproveitamento de recursos mediante ferramentas convencionais.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícanse e verificáronse os patróns industrializados.
CA3.2 Agrupáronse os patróns por modelo.
CA3.3 Seleccionáronse as pezas do modelo.

Criterios de avaliación
CA3.4 Agrupáronse as pezas en función de criterios de fabricación.
CA3.5 Elaborouse a información necesaria para a marcaxe.
CA3.6 Arquiváronse os patróns dos modelos.
CA4.1 Tivéronse en conta as características dimensionais do modelo no estudo de marcaxe.
CA4.2 Colocáronse as pezas de acordo coas especificacións técnicas (sentido do fío, sentido da pel, estrutura, irisación do tecido, largura do tecido ou pietaxe, e debuxo).
CA4.3 Posicionáronse as pezas con criterios de óptimo rendemento do material.
CA4.4 Determináronse as tolerancias admisibles en función do material e do sistema de corte.
CA4.5 Calculouse o aproveitamento e o consumo de material.
CA4.6 Formalizouse e arquivouse a información xerada (estudo de marcaxe e plan de corte).

4.3.e) Contidos

Contidos
Organización do posto de traballo. Ergonomía e seguridade: necesidade de luz apropiada para o traballo meticoloso.
Identificación e verificación de patróns.
Criterios para a agrupación de patróns.
Agrupación de pezas e modelos en función de criterios de fabricación.
Rexistro de modelos.
Información técnica para a fabricación.
Fichas técnicas de especificación do modelo.
Fichas técnicas de modelos escalados.
Ordes de marcaxe.

Contidos
<p>Arquivo de información para a fabricación.</p> <p>Criterios para o posicionamento de pezas segundo especificacións técnicas: Dimensionamento e cantidade de compoñentes. Orientación, irisación e graos en xiros. Sistema de corte. Tolerancias admisibles en función do material e do sistema de corte. Cálculo</p> <p>Procedementos para a distribución óptima de patróns.</p> <p>Estudo de marcaxes: combinación de patróns e de talles.</p> <p>Información técnica para a fabricación: Ficha técnica de especificación do modelo. Fichas técnicas de modelos escalados. Ordes de marcaxe.</p> <p>Aplicacións informáticas de distribución de patróns en pezas e artigos en téxtil e pel.</p> <p>Programas informáticos de debuxo de marcaxes e corte.</p>

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	INDUSTRIALIZACIÓN DE PATRÓN DE FORMA INFORMATIZADA	20

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara conxuntos de patróns determinando especificacións técnicas para a súa industrialización.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse as variables que inflúen na preparación de patróns para a industrialización mediante sistemas informáticos.
CA1.2 Estudáronse os talles normalizados españois (TNE).
CA1.3 Determinouse o número de talles segundo o segmento de poboación.
CA1.4 Seleccionouse a táboa de medidas normalizada.

Criterios de avaliación

CA1.8 Marcáronse as referencias internas e externas (costuras, piquetes, orientación da peza, etc.) sobre os patróns do modelo prototipo aplicando normas informáticas.

4.4.e) Contidos
Contidos

Variables na preparación de patróns industrializados.

0Proceso de industrialización do modelo informatizado.

Revisión e control de calidade do proceso de escalaxe por computador.

Normativa de aplicación: UNE e ISO

Talles normalizados españois (TNE).

Táboas de medidas segundo o segmento de poboación.

Identificación do conxunto de pezas ou patróns do modelo.

Fichas técnicas de industrialización ou marxes de costuras segundo o modelo.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	ESCALAXE DE PATRÓN DE FORMA INFORMATIZADA	31

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara conxuntos de patróns determinando especificacións técnicas para a súa industrialización.	NO
RA2 - Escalaxe de patróns aplicando táboas de incrementos de tallaxe mediante sistemas informáticos	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.5 Determinouse a serie de talles cos seus intervalos, seguindo indicacións do programa informático.
CA1.6 Identifícaronse os puntos de escala segundo sistemas informáticos.
CA1.7 Calculáronse os incrementos de todos os puntos do patrón que se pretenda escalar.
CA2.1 Realizáronse táboas de medidas deducidas.
CA2.2 Identifícaronse as variables que inflúen na escalaxe informatizada.
CA2.3 Identificouse o patrón do modelo prototipo e a información salientable para a escalaxe por computador.
CA2.4 Aplicáronse os incrementos determinados nas especificacións técnicas do sistema informático.
CA2.5 Debuxouse a proxección dos talles especificados mediante computador.
CA2.6 Obtivéronse os patróns dos talles segundo normas informáticas.
CA2.7 Comprobáronse os puntos de referencia, curvas e proporcións.
CA2.8 Identifícaronse as liñas de ensamblaxe, o emprazamento dos sinais de montaxe, pinzas, petos, etc., aplicando normas informáticas.
CA2.9 Verificouse a concordancia entre as seccións para facilitar a súa posterior ensamblaxe.
CA2.10 Identifícaronse os patróns escalados mediante a terminoloxía e a simboloxía propias do sistema informático.

4.5.e) Contidos

Contidos
Determinación da serie de talles cos seus intervalos, seguindo un sistema informático.
Puntos de escalaxe. Incrementos. Referencias segundo sistema informatizado.

Contidos
<p>Fichas técnicas de incrementos de escala.</p> <p>Organización do posto de traballo. Ergonomía e seguridade: necesidade de luz apropiada para o traballo meticoloso.</p> <p>Proceso informatizado de escalaxe de patróns.</p> <p>0Verificación de concordancia das medidas e corte. Control de calidade.</p> <p>Identificación e verificación de patróns escalados mediante a terminoloxía e a simboloxía propias do sistema informático.</p> <p>Identificación de talles. Táboas de medidas.</p> <p>Cálculo de incrementos de cada punto de escala.</p> <p>Representación do grupo de patróns do modelo prototipo.</p> <p>Normas de escalaxe. Fichas técnicas de escalaxes. Simboloxía.</p> <p>Proceso de escalaxe informatizada de patróns: proxección dos talles especificados.</p> <p>Correspondencia de medidas. Puntos de referencia.</p> <p>Equipamentos e instrumentos de escalaxe informatizada de patróns: programas informáticos.</p> <p>Escalaxe informatizada de patróns.</p>

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	ESTUDO DE MARCAJES DE FORMA INFORMATIZADA	10

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Agrupa patróns industrializados e xustifica os criterios informáticos para a súa organización.	SI
RA4 - Distribúe pezas de patróns aplicando criterios de posicionamento para o aproveitamento de recursos mediante sistemas informáticos.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícaronse e verificáronse os patróns industrializados.
CA3.2 Agrupáronse os patróns por modelo.
CA3.3 Seleccionáronse as pezas do modelo.
CA3.4 Agrupáronse as pezas en función de criterios de fabricación.
CA3.5 Formalizouse a información necesaria para a marcade informatizada.
CA3.6 Arquiváronse os patróns dos modelos.
CA4.1 Tivéronse en conta as características dimensionais do modelo no estudo de marcade por computador.
CA4.2 Colocáronse as pezas consonte as especificacións técnicas (sentido do fio, sentido da pel, estrutura, irisación do tecido, largura do tecido ou pietaxe, e debuxo).
CA4.3 Colocáronse as pezas con criterios de óptimo rendemento do material.
CA4.4 Determináronse as tolerancias admisibles en función do material e do sistema de corte informatizado.
CA4.5 Calculouse o aproveitamento e o consumo de material.
CA4.6 Formalizouse e arquivouse a información xerada (estudo de marcade e plan de corte).

4.6.e) Contidos

Contidos
Identificación e verificación de patróns informatizados.
Criterios para a agrupación de patróns.
Agrupación de pezas e modelos en función de criterios de fabricación.

Contidos

Rexistro de modelos segundo sistemas informáticos.

Información técnica para a fabricación.

Fichas técnicas de especificación do modelo.

Fichas técnicas de modelos escalados.

Ordes de marcade informatizada.

Arquivo de información para a fabricación informatizada.

Criterios para o posicionamento de pezas segundo especificacións técnicas: Dimensionamento e cantidade de compoñentes segundo sistema informatizado. Orientación, irisación e graos en xiros. Sistema de corte. Tolerancias admisibles en función do material e

Procedementos para a distribución óptima de patróns.

Estudo de marcaxes: combinación de patróns e de talles.

Información técnica para a fabricación informatizada. Ficha técnica de especificación do modelo. Fichas técnicas de modelos escalados. Ordes de marcade por computador.

Aplicacións informáticas de distribución de patróns en pezas e artigos en téxtil e pel.

Programas informáticos de debuxo de marcaxes e corte.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MINIMOS ESIXIBLES:

Os resultados de aprendizaxe deben inferir que as persoas van desempeñar de forma eficaz e eficiente as funcións no campo profesional asociado ós mesmos. Convértense na especificación da formación que permite valorar que as actividades de traballo vanse realizar de acordo ós estándares de competencia do sistema produtivo e ao dominio de coñecementos técnicos de industrialización e escalaxe de patróns. O conxunto de resultados de aprendizaxe descritos no ciclo formativo deben permitir as evidencias suficientes para poder inferir que as persoas posúen as competencias profesionais, persoais e sociais definidas no perfil profesional.

Dado que na formación profesional non teñen cabida as adaptacións curriculares, non é posible reducir as competencias que o alumnado debe acadar, tan só se podería, de ser preciso, facer unha adaptación temporal. Por isto, son mínimos esixibles todos os criterios de avaliación do currículo, para garantir que o alumnado acada os resultados de aprendizaxe e polo tanto as competencias profesionais, persoais e sociais do perfil profesional.

Por isto, son mínimos esixibles os criterios de avaliación así indicados en cada unidade didáctica, e que de forma xeral poden resumirse como:

Saber industrializar de forma manual e informática calquera peza de patrón.

Ser capaz de razoar e solucionar a escalaxe de patróns de dona, cabaleiro e de neno/a, a partires das táboas correspondentes de incrementos, tanto de forma manual como informática.

Saber realizar unha marcada de forma manual e informatizada.

En xeral, serán considerados MÍNIMOS ESIXIBLES todos os indicados como tales en cada UD.

O alumnado deberá realizar as tarefas, en tempo e forma, respectando os prazos de entrega

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

-O curso distribúese en 2 avaliacións. Para aprobar o curso, deberán aprobarse as 2 avaliacións que compoñen o curso. A nota media obtense da media aritmética das notas das 2 avaliacións.

-Ó longo de cada avaliación, iranse realizando exercicios na clase. Tamén proporáse exercicios prácticos para que o alumno realice fóra da clase. Tanto uns coma outros, serán corrixis nas seguintes sesións, para que o alumno corrixa posibles erros. Unha vez o exercicio estea correcto, o profesor darao por válido, e anotaráo como tal, no seu caderno de clase. Valorárase a limpeza e orde nos exercicios presentados. É condición indispensable para que os traballos poidan ser avaliados a puntualidade na entrega (nin antes nin despois).

-Non serán corrixis nin tidos en conta para a nota, os exercicios non entregados en prazo.

-Ó final de cada trimestre realízase polo menos unha proba práctica. Devandita proba tratará de valorar a capacidade do alumno para escalar e sacar distintas tallas dun patrón ou modelo e realizar industrializacións necesarias adaptadas ó deseño, aplicando os coñecementos adquiridos ó longo das sesións do módulo. En caso de facerse varias probas nunha avaliación o total da puntuación asignada a este apartado dividirase entre o número de probas en cada avaliación trimestral.

-A nota máxima a obter en cada avaliación será de 10, que se conseguirá do seguinte xeito:

-Polos exercicios correctamente realizados: 3,5 puntos (*Para valorar cada exercicio, dividiranse os 3,5 puntos, entre o número de exercicios propostos en cada trimestre).

-Pola proba práctica: 6,5 puntos

A cualificación do módulo será numérica, do 1 o 10, sen decimais.

O uso de aparellos móbiles por parte do alumnado durante as actividades lectivas esta prohibido por lei. Esta prohibición aparece recollida como: Está prohibida a utilización de telefonía móbil/dispositivos de gravación durante os períodos lectivos (Artigo 19 , DOGA 27 de Xaneiro de 2015, DECRETO 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenrola a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar).

Acción do profesor: No caso no que se observe o seu uso indebido e reiterado no aula, farase indicacións para que se deposite o dispositivo móbil/gravador sobre a mesa do profesor ata a finalización da actividade lectiva, e se procederá a abrir un parte de aula que será remitido a Xefatura de Estudos

Para aprobar a avaliación é necesario aprobar a proba práctica, aprobar os exercicios, e obter unha nota conxunta de ó menos 5 puntos.

- Para aprobar a proba práctica, deberá obterse unha puntuación mínima de 3,25 (metade de 6,5).

- Para aprobar os exercicios, deberá obterse unha puntuación de ao menos 1,75 (metade de 3,5).

Posibles supostos:

-Se un alumno/a aproba a proba práctica pero non acada o mínimo nos exercicios, a nota da avaliación será dun 4 e gardaráselle a nota da proba a espera de superar os exercicios no período de recuperación previo á realización da FCT, en marzo.

-Se un alumno/a aproba os exercicios pero suspende a proba práctica, a nota da avaliación será a mesma que a nota que acadou na proba práctica e gardaráselle a nota dos exercicios á espera de superar a proba práctica no período de recuperación previo á realización da FCT, en marzo.

Normas para a realización das probas ao longo da avaliación:

A ausencia a unha proba non dará dereito á súa repetición a non ser que esta fose debida a unha causa moi grave acontecida ó alumno ou a un familiar de 1º grao e se presente a súa debida xustificación. Se o motivo da falta é por enfermidade, deberá aportar un informe médico no que se especifique que o alumno ten motivos de saúde que lle impiden facer a proba ese día. Nunca se xustificará a falta a unha proba por unha consulta que se puidese facer outro día nin que sexa por motivo que non revista urxencia ou gravidade. O traballo tampouco é motivo para xustificar a falta a unha proba. No caso de que un alumno ou alumna falte a unha proba por motivos non xustificadas, perderá esa oportunidade de examinarse. O alumno poderá facer a proba desa parte na recuperación da avaliación. Se o profesor, ou calquera das persoas encargadas da vixilancia dunha proba, aprecian que algún alumno/a poida estar a copiar, poderá apercibilo ou retirarlle o mesmo, segundo o seu criterio, e esa proba quedaríalle suspenso. En ningún caso se poderá facer uso dun dispositivo móbil durante a proba, sendo isto motivo para a súa expulsión e suspenso do mesmo.

Tódolos alumnos/as deberán ser puntuais para aproveitar o tempo efectivo das clases. Permitirase un retraso na entrada de 10 minutos na primeira sesión de clase, a partir destes 10 minutos computarase como unha falta de puntualidade, a reiteración dos retrasos (3 veces) computarase como unha falta de asistencia.

Cando un alumno/a atópase no seu domicilio por motivos de saúde e non pode asistir a clase presencialmente, poderá seguir as clases de xeito online, pero deberá traer un xustificante médico cando o alumno/a regrese á aula. Para seguir as clases online, empregárase a plataforma Cisco Webex ou Falemos EDU da Xunta para retransmitir a clase en directo. Ademais utilizarase a plataforma Moodle. Neste caso terá unha falta xustificada.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Segundo o artigo 29 da Orde do 12 de Xullo de 2011 de desenvolvemento, avaliación e acreditación académica do alumnado das ensinanza de formación profesional inicial (DOG 15 de xullo de 2011), o alumnado de segundo curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter módulos pendentes de primeiro ou segundo curso, poderá recuperarlos neste mesmo período. A este fin, o equipo docente asignaralle unha serie de actividades de recuperación para os módulos non superados, con indicación expresa da data final na que serán avaliados.

a) Recuperacións durante o curso

O alumno que non superara algunha avaliación, poderá recuperala antes das avaliacións finais de marzo para poder aprobar o módulo e facer a FCT no período ordinario. Farase unha proba de recuperación que se puntuará de igual forma, sobre 6.5. Os exercicios que se entregaron en prazo, durante o curso, serán tidos en conta.

Para aprobar a recuperación da avaliación é necesario aprobar a proba, aprobar os exercicios, e obter unha nota conxunta de ó menos 5 puntos.

- Para aprobar a proba, deberá obterse unha puntuación mínima de 3,25 (metade de 6,5).
- Para aprobar os exercicios, deberá obterse unha puntuación de ao menos 1,75 (metade de 3,5).

Posibles supostos:

- Se un alumno/a aproba a proba de recuperación dunha ou varias avaliacións pero non acadou o mínimo nos exercicios, a nota desa avaliación será dun 4.
- Se un alumno/a aproba os exercicios pero suspende a proba de recuperación, a nota da avaliación será a mesma que a nota que acadou na proba práctica.



Se o alumno/a vai á recuperación dun trimestre ou varios trimestres antes das avaliacións finais de marzo e non acada o mínimo de 5 (nota conxunta proba máis exercicios), non se fará media cos demais trimestres e a nota do xade será a obtida nesa recuperación. Se o alumno aproba farase media coas notas obtidas nos demais trimestres aprobados.

Non poderán presentarse as probas de recuperación para subir nota.

As probas poderán facerse en varios días dependendo das avaliacións que esten suspensas.

Poderase entregar exercicios o mesmo día da proba. Os exercicios que se entregaron en prazo, durante o curso, serán tidos en conta.

De acordo co Decreto 8/2015, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, así como das normas e organización e funcionamento do centro, queda terminantemente prohibido dispor de teléfonos móbiles, tabletas ou calquera outro dispositivo electrónico (agás a calculadora científica non programable) ou empregalos durante as xornadas lectivas, tanto na aula de patronaxe coma no lugar onde se desenvolvan as actividades formativas, salvo autorización expresa do profesorado.

b) Recuperación de materias pendentes en Xuño

Se na avaliación final de marzo o alumno/a recupera o módulo, poderá realizar a FCT no período ordinario de Marzo a Xuño se supera tamén o resto de módulos. Si obtívese unha cualificación negativa (tanto si ten pendentes só módulos de 1º como si ten de 2º ou de ambos cursos) poderá examinarse de novo en xuño coincidindo coa avaliación final de 2º curso. As actividades de recuperación realizaranse mentras os demais compañeiros están facendo a FCT, 3ª trimestre, e consistirán en darlle un repaso aos contidos do módulo, resolver as dúbidas que poidan xurdir e realizar os traballos propostos polo profesor, baseados nos obxectivos non acadados e secuenciandoos por avaliacións, incidindo naqueles contidos nos que se observara que presenta maiores dificultades de asimilación. Si superara os módulos pendentes, na avaliación de xuño, proporáselle para realizar a FCT nun período extraordinario do seguinte ano académico (setembro-décembro). Si non recupera os módulos pendentes en xuño, deberá matricularse como repetidor de 2º curso no ano académico seguinte.

Para aprobar será do seguinte xeito:

Farase unha proba de recuperación que se puntuará de igual forma, sobre 6.5. Os exercicios que se entregaron en prazo, durante o curso, serán tidos en conta.

Para aprobar a recuperación da avaliación é necesario aprobar a proba, aprobar os exercicios, e obter unha nota conxunta de ó menos 5 puntos.

- Para aprobar a proba deberá obterse unha puntuación mínima de 3,25 (metade de 6,5).

- Para aprobar os exercicios, deberá obterse unha puntuación de ao menos 1,75 (metade de 3,5).

Posibles supostos:

-Se un alumno/a aproba a proba de recuperación dunha ou varias avaliacións pero non acada o mínimo nos exercicios, a nota desa avaliación será dun 4.

-Se un alumno/a aproba os exercicios pero suspende a proba de recuperación, a nota da avaliación será a mesma que a nota que acadou na proba práctica.

Se o alumno/a vai á recuperación dun trimestre ou varios trimestres antes das avaliacións finais de xuño e non acada o mínimo de 5 (nota conxunta proba máis exercicios), non se fará media cos demais trimestres e a nota do xade será a obtida nesa recuperación. Se o alumno aproba farase media coas notas obtidas nos demais trimestres aprobados.

As probas poderán facerse en varios días dependendo das avaliacións que esten suspensas.

Poderase entregar exercicios o mesmo día da proba. Os exercicios que se entregaron en prazo, durante o curso, serán tidos en conta.

É condición indispensable para aprobar o módulo ter tódalas avaliacións aprobadas.

Si non recupérase os módulos pendentes en Xuño, poderá matricularse no módulo como repetidor de 2º curso no ano académico seguinte.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

PERDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA

Alumnado que non xustifique faltas: perderá o dereito a avaliación continua cando as faltas non xustificadas acumuladas sexan do 10% da carga horaria total do módulo. Enviárase apercibimento cando se supere o 6% de faltas de asistencia inxustificadas . (artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011)

XUSTIFICACIÓN FALTAS

Motivos persoais:

-Organismos oficiais: citacións xulgado, examen do carnet de conducir, DNI, servizo de emprego ou, exames de organismos oficiais entre outros. XUSTIFICACIÓN: Documento oficial que acredite a data e a hora/s de asistencia correspondente

-Enfermidade ou accidente do alumno/a. XUSTIFICACIÓN: Parte do facultativo médico con indicación do período de repouso necesario que lle imposibilita a asistencia ao centro educativo

-Citas médicas en horario escolar. XUSTIFICACIÓN: Documento do órgano competente que acredite a asistencia do alumno/a á cita médica correspondente (con indicación de data e horas, de entrada e saída). LIMITACIÓNS/OBSERVACIÓNS: As citas médicas xustifican as horas de ausencia pola cita así como o tempo de traslado dende o lugar da cita ao centro educativo.

-Falecemento, accidente ou enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica dun familiar ata o segundo grao de consanguinidade (pais/nais, irmáns, fillos, avós/ás). XUSTIFICACIÓN: Documento do órgano competente que acredite a situación familiar de gravidade así como o grao de parentesco do alumno/a. LIMITACIÓNS/OBSERVACIÓNS: Neste caso a falta xustificada alcanzará un máximo de 3 días hábiles na mesma provincia ou 5 días noutra provincia.

Motivos laborais:

-XUSTIFICACIÓN: Documento acreditativo da relación contractual do estudante coa empresa correspondente debidamente selado e asinado. LIMITACIÓNS/OBSERVACIÓNS: Poderase xustificar ata un máximo dun 5% da carga horaria total de cada módulo formativo

IMPORTANTE: os documentos xustificativos deberanse entregar á titoría nun prazo máximo de 5 días hábiles dende a reincorporación do alumnado ás clases . De todos os xeitos, na medida das súas posibilidades, o alumnado deberá informar da súa ausencia polos canles de comunicación habituais, o antes posible ao profesorado e/ou á persoa titora

O alumnado que si xustifique parte das faltas: perderá o dereito á avaliación continua cando as faltas acumuladas sexan do 15% da carga horaria total do módulo (10% de faltas inustificadas máis o 5% de faltas por motivos laborais). Poderase xustificar ata un 5% por motivos laborais. Apercibimento ao 6% de faltas acumuladas.

A data límite para comunicar o/a Titor/a a Perda do dereito a avaliación continua ao alumnado é de 15 días antes da 2ª avaliación.

Cando un alumno/a atópase no seu domicilio por motivos de saúde e non pode asistir a clase presencialmente, poderá seguir as clases de xeito online, pero deberá traer un xustificante médico cando o alumno/a regrese á aula. Para seguir as clases online, empregarase a plataforma Cisco Webex ou Falemos EDU da Xunta para retransmitir a clase en directo. Ademais utilizarase a plataforma Moodle e Google Drive. Neste caso terá unha falta xustificada.

No centro está establecido un protocolo de inasistencia a clase por manifestacións ou concentracións, que debe cumprirse para favorecer a organización interna do centro. A comunicación realizarase a xefatura de estudos 48 horas antes da convocatoria oficial de folga. A falta derivada entenderase como falta xustificada.

Estes criterios de xustificación e xestión de faltas están recollidos na NOF do centro.

Os alumnos que tiveran perdido o dereito á avaliación continua, deberán examinarse de toda a materia en xuño. A proba a realizar consistirá nunha proba práctica ou probas prácticas onde o alumno terá que realizar escalados, industrializacións e marcadas de tipoloxía semellante ás que foron obxecto de estudo durante o curso, nas diferentes sesións de clase. A proba ou probas poderán realizarse en varios días. Non chegar puntual a proba tamén repercutirá na perda do dereito a realizar a proba.

Para aprobar, o alumno terá que obter unha nota na proba ou probas de, polo menos, 5 sobre 10.

O alumno poderá seguir asistindo ás clases e a tódalas actividades programadas pero non será cualificado nas avaliacións correspondentes.

O profesor resolverá dúbidas que se lle puideran presentar ó alumno co fin de que tódolos conceptos queden claros.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación realízase a través da plataforma de programación da Consellería de Educación na páxina web: www.edu.xunta.gal/programacions, ao remate de cada unidade didáctica. Nel reflectirase o número de horas dedicadas a cada actividade planificada inicialmente e rexistrarase a porcentaxe de cumprimento da programación inicial, indicando como observacións os motivos pertinentes que levasen ao desfase correspondente. A realización deste seguimento confirmarase na reunión mensual do equipo docente do ciclo e na reunión de Departamento.

Os principais indicadores do grao de cumprimento da programación serán o grao de cumprimento da temporalización e o logro dos obxectivos programados.

En calquera caso, o seguimento da programación servirá como instrumento para a modificación da temporalización (que se realiza en base á experiencia de anos anteriores impartindo o módulo), adaptándoa ao alumnado do presente curso.

Con respecto á avaliación da propia práctica docente, realizarase trimestralmente ao longo do curso unha análise de diferentes aspectos relacionados coa programación e a práctica docente, entre os que se encontran:

Metodoloxía empregada

Obxectivos específicos e nivel de asimilación dos contidos e procedementos

Nivel de adquisición dos RA's en base aos CA's

Adecuación das actividades e tarefas aos CA's

Materiais e recursos utilizados

Ademais, debido ao SXC do centro, o alumnado realiza unha enquisa de satisfacción do labor docente (ESLD), que pode servir como indicador, xa que trata cuestións relacionadas coa metodoloxía didáctica e a actitude persoal.

Outra ferramenta de avaliación da propia práctica docente para mellorar a aprendizaxe no módulo, consiste en preguntarlle ao alumnado un par de cuestións moi claras e de resposta aberta (ben oralmente ou por escrito), para responder nun tempo de 1-2 minutos, sobre o bo e o malo (referidas a opinións ou percepcións, non a verificar unha aprendizaxe) desa sesión ou UD, coñécese como a técnica "one minute paper".

As dúas preguntas máis características son:

Que foi para ti o máis importante que aprendiches nesta clase/UD?

Que é o que che quedou máis confuso?

Outras preguntas semellantes poderían ser:

Que foi o que máis che gustou ou sorprendeu?

Que foi o máis suxerinte?

Que che pareceu máis difícil?

Que tema dos expostos che gustaría ampliar?

Que sabes de..., como valoras..., cal cres que é a idea principal de... (algo por explicar na seguinte clase/UD)?

Que che gustaría coñecer de..., que ten para ti menos interese de..., que é o que menos che atrae de... (algo por explicar na seguinte clase/UD)?

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao inicio do curso realizarase unha avaliación inicial que servirá para constatar o nivel de coñecementos e conceptos previos que posúe o alumnado sobre os coñecementos e experiencia no sector téxtil dos alumnos. É útil para que o alumnado sexa consciente das necesidades de formación previas á realización do módulo e para que o profesorado detecte carencias e valore a diversidade de alumnado presente na aula, permitíndolle actuar en consonancia.

Para iso, nos primeiros días do curso realizarase un cuestionario sobre conceptos básicos da materia, non cualificable; e incorpóranse preguntas na ficha do alumnado respecto aos estudos previos e a motivación para realizar o ciclo.

Ademais os titores pasarán unha enquisa anónima e posteriormente celebrarase unha xuntanza do equipo docente, na que se exporá a información do alumnado recollida por cada profesor/a e polo/a titor/a e se analizarán as desviacións e carencias detectadas para actuar de forma coordinada, tratando de solucionarlas.

No caso de que a maioría dos alumnos teñan xa coñecementos de base sobre a materia, farase unha proba de avaliación inicial, consistente na elaboración de escalados, industrialización e marcadas, a proposta do profesor.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para o alumnado que presente carencias importantes na formación básica ou formación profesional de base que impida conseguir un aproveitamento aceptable nas sesións de ensino-aprendizaxe facilitaranse conceptos de apoio e soporte e tarefas complementarias, sempre que o alumnado así o requira, iso si, nunca nas horas do módulo, non sendo no período de reforzo de xuño.

Apoiarase ao alumnado que non responda aos obxectivos programados orientándoo no seu proceso de aprendizaxe indicándolle ou proporcionándolle actividades adaptadas que lle permitan reforzar os aspectos cos que está a ter dificultades.

Estas tarefas complementarias non deben afectar á temporalización que figura na programación, para así poder desenvolver tódolos RA's asociados ao módulo e non prexudicar ao resto do alumnado que si ten adquirido as competencias asociadas aos estudos previos necesarios para o acceso a ciclos superiores e a este módulo.

No caso de detectarse alumnado con altas capacidades intelectuais, unha vez satisfeitos os obxectivos básicos, proporánselle actividades complementarias que estimulen a súa creatividade e autonomía na materia de escalados, industrialización e marcadas, para evitar a súa desmotivación.

De atoparse con alumnado con necesidades educativas especiais, facilitaráselle unha atención especializada, de acordo cos principios de non discriminación e normalización educativa. A tal efecto, solicitarase a intervención do departamento de orientación e, na medida do posible, serán distribuídos en grupos de traballo nos que os compañeiros poidan axudalo a conseguir a súa integración.

Polo que respecta ao alumnado con incorporación tardía ao sistema educativo español, non ten relevancia na FP inicial.

Prestarase especial atención na clase, aos alumnos con mais dificultades de aprendizaxe, mostrando unha actitude comprensiva coas súas limitacións e ó mesmo tempo motivadora. Esta atención en ningún momento debe afectar á integración destes alumnos no conxunto do grupo, xa que isto sería perxudicial para a súa aprendizaxe e para o correcto funcionamento da aula. Proporánselle exercicios de contido máis sinxelo, adaptados ás capacidades do alumno, para conseguir que estes logren éxitos paulatinos, conseguindo un efecto tanto formativo como motivador.

En xeral, pero especialmente nestes alumnos, resaltaránse os logros, e restarase importancia ós erros propios da súa maior dificultade de aprendizaxe. En función da evolución do alumno/a, e sempre tendo en conta as súas particularidades, proporánselle distintos exercicios de reforzo, para conseguir que alcance un nivel o máis semellante posible ó do resto do grupo e poida alcanzar os mínimos esixibles.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O profesorado tentará dinamizar a participación do alumnado na aula como medio de comunicación entre o colectivo e posta en común de coñecementos, tentando crear dinámicas de traballo en equipo.

Diferencianse 2 grupos de accións:

1. Respeto á pluralidade e fomento da tolerancia cos compañeiros especialmente aqueles con dificultades de aprendizaxe ou algún tipo de minusvalía;
Fomento do traballo en grupo, a cooperación, o compañerismo; Esixencia de cumprimento de normas de convivencia na aula e de puntualidade, como medio para a adaptación ás normas de traballo no entorno laboral.
2. Respeto polo medio ambiente e fomento de conductas de reciclaxe e actitudes non contaminantes. Reciclaxe e aproveitamento do papel de patronaxe. Reciclaxe téxtil e posible visita a empresa de reciclaxe téxtil Insertega en A Coruña.

Do mesmo xeito, promoverase o desenvolvemento de boas actitudes e valores no traballo tanto individual como grupal, na liña da educación moral e cívica e en igualdade de oportunidades entre sexos, a educación pola paz e a convivencia, a educación para a saúde e as novas tecnoloxías da información e a comunicación TICs.

Ademais, de acordo co establecido na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Participarase de xeito activo nas actividades propostas desde o Centro que sexan de interese para o curso.

Ademais tentarase proporcionar ó alumnado información en relación con certos eventos técnicos como conferencias, exposicións, feiras, masterclass, xornadas, etc. relacionados cos contidos de traballo no módulo. Facilitaráselle a participación nos mesmos.

As actividades previstas durante o curso escolar, faranse dentro dos acordos establecidos no departamento e en coherencia coas programadas polo CIFP, e servirán para reforzar ou ampliar os contidos da programación.

A temporización repartirase nos 2 trimestres dependendo das dispoñibilidades orzamentarias e da programación.

1. Actividades complementarias:

- Visitas a empresas téxtiles, museos e outras, na comunidade autónoma e fora de ela.
 - Visitas a feiras na comunidade autónoma e fóra dela.
 - Calquera outra actividade que xurda ao longo do curso, que os orzamentos do ciclo poidan pagar, sempre que sexa autorizado polo Consello Social.
2. Actividades extraescolares:
- Apoio e participación nas actividades que programe o Centro para o magosto, entroido, etc.

10. Outros apartados

10.1) PUBLICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

A programación será explicada nos primeiros días de clase ós alumnos/as.

Para que os alumnos/as teñan acceso á programación durante o curso, vai estar dispoñible para a súa consulta na páxina web do centro.

Os apartados 5, 6, 7, 8, 9 e 10 da programación, ademais estarán dispoñibles para a súa consulta na aula virtual Moodle, do módulo de Industrialización e escalaxe de patróns

10.2) ÚTILES NECESARIOS PARA O MÓDULO

Para realizar os patróns no é preciso dispoñer de todo o material da lista de abaixo. Os útiles marcados con (*) son os realmente necesarios para o módulo Industrialización e escalaxe de patróns

Lista de materiais:

(*) 1 archivador ou carpeta para meter fundas para gardar os patróns escalados, industrializacións e marcadas e realizar o noso libro de escalados

Bloc, libreta ou un caderno para notas

(*) Cartabón

(*) Escuadra

(*) Cinta métrica

(*) Cinta de carrocerero (cinta de pintor)

Compás

(*) Goma de borrar

(*) Bolígrafo azul

(*) Lapis ou portaminas

(*) Lapis de cores (si se poden borrar mellor)

Papel para patróns

(*)Papel de manila (ter en casa por si nalgún momento hai que estar en illamento ou corentena pola covid-19)

Cartón para patronaxe

Papel carbón

Piquetero

(*) Plantillas curvas.

Punzón

(*) Regla milimetrada maior de 30cm (mellor entre 50-80cm, con marcas de medidas verticais)

Regla flexible

Ruleta (recomendable)

Sacabocados

(*) Tesoira para papel

Tesoira para tecido

Tesoiras zig-zag

Escalímetro, a escala que utilizaremos será a escala 1/200

Pesas

Alfinetes

Almofada para alfinetes

Lágrima, gota ou plantilla sisa

Sisómetro (recomendable)

Sable Xastre (home e muller)

Curva francesa

Curvas francesas para lencería, curva irregular francesa, multicurva francesa

Cartabón xastre

Puntímetro

Mesa

Troquel

Colgador para patróns

Cordón para atar chourizos

(*) Calculadora

Maniquí
Máquina de coser

10.3) UTILIZACIÓN DE PLATAFORMAS DIXITAIS E RECURSOS ONLINE

Para a utilización de plataformas dixitais co fin de poder dar clases virtuais (Cisco Webex Meetings, Falemos Edu etc.), de modo que permita ó profesor impartir contidos conforme ó plan docente, para que o alumno/a poida seguir as clases dende a súa casa por motivos de saúde, facilitando que poida seguir a clase dende o seu domicilio, así como responder e atender as dúbidas que estes poidan plantexar sobre os mesmos en tempo real, resulta preciso recordar as seguintes indicacións:

- Está terminantemente prohibido facilitalos datos de acceso ás sesións online (enlace, ID, contrasinal, etc.) a calquera persoa distinta ás que vai destinada a sesión.
- O alumno/a non poderá, baixo ningunha circunstancia, gravar nin difundir, por calquera medio, o contido das sesións impartidas a través das plataformas utilizadas, ou calquera outro medio alternativo que no futuro se poida fixar, quedando advertido de que, no caso de incumprimento, quedará suxeito ás responsabilidades establecidas, ademais de aquelas que, dende o punto de vista legal poidan derivarse.
- O alumno/a deberá respectar, en todo momento, as condicións establecidas pola plataforma utilizada en canto á utilización da mesma
- O alumno/a poderá activar a súa cámara se así o desexa e o audio para formular dúbidas.
- O alumno/a deberá identificarse co seu nome.
- O alumno/a poderá utilizar o chat unicamente para facer preguntas ó profesor ou responder cuestións relacionadas co que se este explicando nese momento.
- Durante a sesión o alumno/a deberá estar pendente da clase e non facendo outra actividade

10.4) ADAPTACIÓN ANTE UNHA PANDEMIA

Como non se sabe o que pode acontecer no futuro, ante un caso de pandemia, queda redactado neste apartado o xeito de proceder, aínda que poderá ser modificado segundo as circunstancias dunha pandemia.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Se acontece unha pandemia, as autoridades sanitarias, en función do número de contaxios, poderán ordenar illamento ou corentena dun ou varios alumnos da clase, poderán ordenar o peche dunha ou de varias aulas, dun ou varios ciclos ou do centro educativo na súa totalidade.

Ante a incerta e imprevisible evolución dunha pandemia, pódese estar en tres escenarios diferentes:

A- ENSINANZA PRESENCIAL

B- ENSINANZA SEMI-PRESENCIAL

C- ENSINANZA A DISTANCIA-ONLINE

A continuación descríbese como será a avaliación e metodoloxía docente en cada caso:

A- ENSINANZA PRESENCIAL

No caso de ensinanza presencial, a metodoloxía docente e a avaliación quedan como está explicado no apartado 5 Criterios de avaliación.

B- ENSINANZA SEMI-PRESENCIAL (ensino mixto)

Cando algún alumno/a ten algún síntoma e queda na casa á espera de ser atendido polo persoal sanitario, ou está agardando por unha proba, ou atópase en illamento domiciliario ou corentena poderá seguir as clases de xeito online. Tamén poderán seguir as clases de xeito online, os alumnos que se atopen na casa por outras circunstancias médicas, pero deberán traer un xustificante médico cando o alumno/a regrese á aula. Para seguir as clases online, empregarase a plataforma Cisco Webex ou Falemos EDU da Xunta para retransmitir a clase en directo. Ademais utilizarase a plataforma Moodle.

Deberá haber constancia quen precisa de conexión a internet no seu domicilio e quen precisa de equipo informático, aínda que tamén se pode empregar unha tablet ou un teléfono móbil.

Tódolos alumnos deberán ter, dende o comezo do curso, por se é preciso, papel para facer os patróns, exemplo papel manila, e tódolos utensilios necesarios para facer os patróns (regras, escalímetro, lápiz, goma, tesoiras...) dende os seus domicilios e poder seguir as clases en directo dende as casas.

Mentres as autoridades sanitarias non digan o contrario, o resto do alumnado seguirá asistindo ás clases de forma presencial.

Na ensinanza semipresencial ou mixta levarase o mesmo tempo a ensinanza presencial coa virtual retransmitindo a ensinanza en directo dende a aula empregando a plataforma Cisco Webex ou Falemos EDU da Xunta, xunto con varias webcam para retransmitir as clases cunha certa calidade. Tamén poderán facer uso das clases en directo durante o curso, en streaming, os alumnos/as que estén na súa casa por enfermidade, sempre e cando o xustifiquen. Tanto os alumnos/as confinados ou que teñan algunha enfermidade, poderán seguir as clases en directo dende as súas casas pero terán falta xustificada.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN NA MODALIDADE SEMIPRESENCIAL OU MIXTA ===

Nestas circunstancias, cabe esperar que a proba/as pódase facer presencialmente (por quendas de ser preciso) salvo que se indique o contrario polas autoridades sanitarias. Deste xeito, a avaliación na modalidade mixta non se vai ver afectada respecto do sistema proposto. Tampouco se verá afectada a avaliación correspondente ós exercicios.

Se o día da proba, un ou varios alumnos atópanse na situación de ter que estar na casa confinados, poderase facer a proba online coa plataforma Cisco Webex ou Falemos EDU da Xunta ó mesmo tempo que os fan os alumnos/as a proba na aula. Dita reunión será gravada e o alumno/a deberá autorizar a gravación no momento previo ó comezo da proba. O alumno/a deberá estar en todo momento visible para comprobar a súa identidade e veracidade. Os patróns feitos na proba deberán ser entregados como imaxe na plataforma Moodle. As fotos deberán estar o mellor feitas posibles para poder facer a corrección. Cando o alumno/a regrese á aula deberá traer a proba física para poder arquivala. Se no momento da proba, hai suficiente marxe con respecto o día da avaliación trimestral, poderase facer a proba de xeito presencial noutro día en vez



de facelo online, a decisión será tomada polo docente do módulo.

Os exercicios (patróns escalados e industrializados e marcadas) feitos no domicilio serán entregados como imaxe na plataforma Moodle e deberán ser entregados ó docente, para poder supervisalos, cando o alumno/a regresa ás aulas. As imaxes deberán estar feitas o mellor posible para poder corrixilas.

A entrega dos exercicios poderá ser flexible (amplo espazo de tempo de entrega en Moodle) segundo a situación particular que poida ter cada alumno/a durante este período.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS DOCENTES NA MODALIDADE SEMIPRESENCIAL OU MIXTA ===

A metodoloxía docente mantense segundo o previsto inicialmente.

Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías): titorías, concertadas previamente, mediante correo electrónico ou empregando o foro do Moodle. O docente porase en contacto co alumno/a cunha chamada de teléfono ou empregando a plataforma Webex ou Falemos de videoconferencia. Tamén se contestará ás dúbidas que cheguen por vía telemática utilizando os recursos (moodle, email, etc) que teñen á súa disposición nas plataformas de teledocencia de luns a venres.

C-ENSINANZA A DISTANCIA-ONLINE, cando todo o grupo teña que estar en illamento ou corentena ou todo o centro educativo, a ensinanza pasará a ser de xeito online.

Se isto acontece ante a imposibilidade de poder impartir a docencia dun modo presencial, utilizaranse medios virtuais para a docencia empregando a plataforma Cisco Webex, Falemos EDU, Moodle.

Deberá haber constancia quen precisa de conexión a internet no seu domicilio e quen precisa de equipo informático, aínda que tamén se pode empregar unha tablet ou un teléfono móbil.

Tódolos alumnos deberán ter, dende o comezo do curso, por se é preciso, papel para facer os patróns, exemplo papel manila, e tódolos utensilios necesarios para facer os patróns (regras, escalímetro, lápiz, goma, tesoiras...) dende os seus domicilios e poder seguir coas clases virtuais dende os seus domicilios.

Respectarase o horario de docencia do módulo

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN NA MODALIDADE A DISTANCIA-ONLINE ===

A proba ou probas faranse de xeito online coa plataforma Cisco Webex ou Falemos EDU. Dita reunión será gravada e os alumnos/as deberán autorizar a gravación no momento previo ó comezo da proba. Os alumnos/as deberán estar en todo momento visibles para comprobar a súa identidade e veracidade. Os patróns feitos na proba deberán ser entregados como imaxe na plataforma Moodle. As fotos deberán estar o

mellor feitas posibles para poder facer a corrección. Se a situación muda, cando os alumnos/as regresen á aula deberán traer a proba física para poder arquivala. Se no momento da proba, hai suficiente marxe con respecto o día da avaliación trimestral, e hai probabilidade que a situación mude e poida ser efectiva o regreso a ensinanza presencial, poderase facer a proba de xeito presencial noutro día en vez de facelo online, a decisión será tomada polo docente do módulo.

Deste xeito, a avaliación na modalidade online non se vai ver afectada respecto do sistema proposto. Tampouco se verá afectada a avaliación correspondente ós exercicios.

Os exercicios (patróns escalados e industrializados e marcadas) feitos no domicilio serán entregados como imaxe na plataforma Moodle e deberán ser entregados ó docente, para poder supervisalos, cando o alumno/a regresa ás aulas. As imaxes deberán estar feitas o mellor posible para poder corrixilas.

A entrega dos exercicios poderá ser flexible (amplo espazo de tempo de entrega en Moodle) segundo a situación particular que poida ter cada alumno/a durante este período.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS DOCENTES NA MODALIDADE A DISTANCIA-ONLINE ===

A metodoloxía docente mantense segundo o previsto inicialmente pero adaptaríanse para poder executalas de xeito virtual.

Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías): titorías, concertadas previamente, mediante correo electrónico ou empregando o foro do Moodle. O docente porase en contacto co alumno/a cunha chamada de teléfono ou empregando a plataforma Webex ou Falemos EDU de videoconferencia. Tamén se contestará ás dúbidas que cheguen por vía telemática utilizando os recursos (moodle, email, etc) que teñen á súa disposición nas plataformas de teledocencia de luns a venres.

RESUMO:

Tódalas probas propostas, mantéñense en calquera das tres modalidades de ensinanza previstas: presencial, mixta e a distancia

Os criterios de avaliación, así como a súa ponderación sobre a nota final, mantense, tanto na modalidade presencial, mixta ou online

Os procedementos ou tipoloxía de probas de avaliación, tampouco se modifican no seu contido, pero si poden variar no seu modo de execución, nas tres modalidades de ensinanza

Así, no caso de estar nunha situación de ensinanza mixta ou semipresencial, as probas de avaliación poderán ser organizadas de modo presencial, dependendo da marxe co día da avaliación trimestral si se poden reincorporar os alumnos que fican no seu domicilio, ou combinaríase a proba presencial coa virtual, uns alumnos/as na aula e outros na casa.

Se a situación é de ensinanza a distancia, todas as probas de avaliación realizaranse de modo virtual.

As metodoloxías docentes serán as mesmas nos tres escenarios: presencial, semi-presencial ou virtual. A única diferenza afecta o espazo físico no que se desenvolverán as actividades.

Nun posible escenario de ensino semipresencial, as metodoloxías desenvolveríanse nunha contorna semipresencial e/ou virtual. En cambio, no caso dun escenario puramente virtual, todas as metodoloxías adaptaríanse para ser executadas de forma puramente telemática.

Nos tres posibles casos de ensinanza, mantéñense os criterios de cualificación previstos na primeira parte do apartado 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As probas e entrega de exercicios será de forma presencial. Se polas circunstancias descritas no apartado 5. (Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación), non se puidesen levar a cabo de xeito presencial, a proba ou probas e a entrega de exercicios será de forma virtual.

A proba ou probas faranse de xeito online coa plataforma Cisco Webex ou Falemos EDU. Dita reunión será gravada e os alumnos/as deberán autorizar a gravación no momento previo ó comezo da proba. Os alumnos/as deberán estar en todo momento visibles para comprobar a súa identidade e veracidade. Os patróns feitos na proba deberán ser entregados como imaxe na plataforma Moodle. As fotos deberán estar o mellor feitas posibles para poder facer a corrección. Se a situación muda, cando os alumnos/as regresen á aula deberán traer a proba física para poder arquivala.

Deste xeito, a avaliación na modalidade online non se vai ver afectada respecto do sistema proposto. Tampouco se verá afectada a avaliación correspondente ós exercicios.

Os exercicios (patróns escalados e industrializados e marcadas) feitos no domicilio serán entregados como imaxe na plataforma Moodle e deberán ser entregados ó docente, para poder supervisalos, cando o alumno/a regrese ás aulas, se é posible. As imaxes deberán estar feitas o mellor posible para poder corrixilas.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A proba ou probas serán de forma presencial. Se polas circunstancias descritas no apartado 5. (Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación), non se puidesen levar a cabo de xeito presencial, a proba ou probas serán de forma virtual.

A proba ou probas faranse de xeito online coa plataforma Cisco Webex ou Falemos EDU. Dita reunión será gravada e os alumnos/as deberán autorizar a gravación no momento previo ó comezo da proba. Os alumnos/as deberán estar en todo momento visibles para comprobar a súa identidade e veracidade. Os patróns feitos na proba deberán ser entregados como imaxe na plataforma Moodle. As fotos deberán estar o



mellor feitas posibles para poder facer a corrección. Se a situación muda, cando os alumnos/as regresen á aula deberán traer a proba física para poder arquivala.

Deste xeito, a avaliación na modalidade online non se vai ver afectada respecto do sistema proposto.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

1- Na modalidade online seguir as sesións de traballo coincidente co horario lectivo presencial.

2- Para o alumnado que se atope na casa, tanto na ensinanza semipresencial como a distancia, intentar animar ó alumnado a que continúe un hábito de traballo na realización dos patróns.

3- Na ensinanza a distancia, propóñense tarefas o suficientemente atractivas como para que as alumnas e alumnos mantéñanse activos e interesados nas tarefas, por iso propóñense modelos atractivos para interpretar e facer o patronaxe.

4- Para o alumnado que se atope na casa, tanto na ensinanza semipresencial como a distancia, a entrega das tarefas será flexible segundo a situación particular que poida ter cada alumno/a durante ese período

6- Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías): titorías, concertadas previamente, mediante correo electrónico ou empregando o foro do Moodle. O docente porase en contacto co alumno/a cunha chamada de teléfono ou empregando a plataforma Webex de videoconferencia. Tamén se contestará ás dúbidas que cheguen por vía telemática utilizando os recursos (moodle, email, etc) que teñen á súa disposición nas plataformas de teledocencia de luns a venres.

7- Para o alumnado que se atope na casa, tanto na ensinanza semipresencial como a distancia, haberá un intercambio de información entre o profesor e os alumnos, tanto sobre a marcha do curso, como sobre o progreso do alumno.

8- Apoio para os alumnos/as que se atopen no seu domicilio na ensinanza semipresencial ou online

9.a) Programación da educación en valores

Educación básica en saúde; que conteñan tanto contidos relacionados coa protección e a prevención fronte a pandemia, como de hábitos saudables alimenticios ou emocionais durante a pandemia.

Prevenção contra o estigma. O estigma consiste en discriminar un grupo específico de persoas ou a unha persoa en concreto. O estigma pode estar asociado a unha falta de coñecemento acerca de como se propaga a pandemia, a necesidade de culpar a alguén, o temor á enfermidade ou á morte. Tamén ocorre despois de que unha persoa se recupere dos síntomas ou sexa dado de alta do illamento no fogar ou corentena. É preciso levar a cabo actuacións que fomenten a loita contra posibles situacións de estigmatización debido a pandemia.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Ante unha situación de pandemia, valoraranse aquelas actividades complementarias que poidan cumprir coas recomendacións de prevención e seguridade que ditan as autoridades sanitarias para evitar posibles contaxios.



As actividades que se poidan realizar dentro ou fóra do centro educativo, as propostas tanto polo centro coma as que se propoñan dentro do equipo docente, valoraranse tendo en conta a situación nese momento.